



Estimadas familias:

Como xa sabedes, o próximo **venres, 17 de abril**, Terán lugar as votacións para a implantación da **xornada única** de mañá para o curso 2015_2016.

O **horario** para poder votar será dende as **13:00 horas ata as 21:00 horas** ininterrompidamente.

Recordámoslles que teñen **dereito a voto o pai ou a nai ou o titor legal** do alumno/a. (**Só un voto** por familia).

Axuntámoslles sobre e papeleta, indicando que tamén estarán dispoñibles no lugar da votación.

INFORMÁMOSLLES tamén de varias **correccións** efectuadas ao Proxecto que recibiron no seu día:

- Na páxina nove o cadro das actividades extraescolares queda así:

| | | | | | |
|-----------|-------|-------|-------|-------|-------|
| 1ª sesión | 15:45 | 15:45 | 15:45 | 15:45 | 15:45 |
|-----------|-------|-------|-------|-------|-------|

- Na páxina 14, o último parágrafo substitúese por este:

Como novidade, **tódolos** días, os coidadores e coidadoras do Comedor Escolar encargaranse de levar aos alumnos e alumnas que **estean anotados nas actividades extraescolares** que coincidan co horario da primeira sesión (15:45 horas) ata o lugar, **do recinto escolar** no que se desenvolva dita actividade.¹

- Na páxina 16 cámbiase por este:
- Os luns, mércores, xoves e venres, a **Biblioteca Escolar** abrirá de 15:45 a 17:45 e estará atendida por dous mestres ou mestras para que o alumnado a poida utilizar como sala de lectura e de consulta e, ao mesmo tempo para estudar e facer tarefas.

Ponteceso a 15 de abril de 2015

O director

Asdo.: José Venancio Ures Barca

¹ Se os alumnos e alumnas saíron ás 14:30 (despois da xornada lectiva), serán os pais os encargados de levalos ás actividades extraescolares.